



PROGRAMA DE PRÁCTICAS EN EMPRESA PARA ALUMNOS/AS DA UDC EN NAVANTIA, S.A.

Prazo de solicitude: ata o 25 de abril de 2018

A empresa NAVANTIA, S.A., no marco do convenio asinado coa Universidade da Coruña o 3 de decembro de 2014, oferta **15 prazas** para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares

OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen son:

- Completar a formación universitaria do estudiantado e acercalo á realidade do ámbito profesional onde exercerán a súa actividade.
- Mellorar a empregabilidade, facilitando así a súa posterior inserción laboral.
- Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións, traballo en equipo...)

DESTINATARIOS

Seleccionaranse:

6 estudantes de grao

8 estudantes dos Mestrados Universitarios en Enxeñería Industrial e Enxeñería Naval e Oceánica

1 estudante do Mestrado Universitario en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético



No caso de non se cubrir todas as prazas en calquera das categorías pasarán á outra.

Poderán realizar este programa de prácticas os estudantes universitarios que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a, no momento da solicitude e no momento da data de comezo da práctica, en algunha das seguintes titulacións que se imparten na Escola Politécnica Superior e na Escola Universitaria Politécnica.
 - Grao en Enxeñería Eléctrica.
 - Grao en Enxeñería Electrónica Industrial e Automática.
 - Grao en Enxeñería Mecánica.
 - Grao en Enxeñería Naval e Oceánica.
 - Grao en Enxeñería en Tecnoloxías Industriais.
 - Mestrado en Enxeñería Industrial.
 - Mestrado en Enxeñería Naval e Oceánica.

De quedar prazas vacantes consideraríanse os matriculados en algunha das outras titulacións de Mestrado impartidas neses centros.

A realización de prácticas curriculares será de acordo co plan de estudos correspondente.

O horario para a realización das prácticas será de 8:00 a 14:00 h., con incorporación inmediata a partir da resolución desta convocatoria.

Para as prácticas extracurriculares será preciso ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grado ou o 30% no caso do estudos de Mestrado

- Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable algunha coa empresa.



SELECCIÓN

A selección farase por unha comisión integrada por:

- Profesor/a responsable de prácticas externas da Escola Politécnica Superior
- Profesor/a responsable de prácticas externas da Escola Universitaria Politécnica
- 1 PAS da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Orde de prelación do alumnado

Para establecer a orde de prelación do alumnado valorarase os seguintes criterios:

- Non ter realizado prácticas curriculares ou extracurriculares na titulación
- Expediente académico.
- No caso de que existise empate no criterio anterior teríase en conta o número de créditos restantes para a obtención do correspondente título

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os/as interesados/as poderán presentar as solicitudes presencialmente ou por correo electrónico (vcfrs@udc.es) na secretaría da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ata as 14:00 h do día 25 de abril de 2018 achegando copia do expediente académico.